

AESIA - AXENCIA ESPAÑOLA DE SUPERVISIÓN DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL
GRUPO DE TRABALLO DA MESA DELEGADA

16/09/2025

A AESÍA AFONDA NO DESMANTELAMENTO DOS PLANS DE ACCIÓN SOCIAL CUNHA PROPOSTA CON ORZAMENTO RIDÍCULO

Na reunión do Grupo de Traballo celebrada o 16 de setembro aprobouse, co rexeitamento da CIG, un Plan de Acción Social cun orzamento miserable de 5.635,15€, moi por debaixo do 1% da masa salarial co que se contaba antes do inicio aos recortes dos dereitos das traballadoras/es públicas/os. Malia todo, logramos introducir no Plan algunhas melloras que afectarán ás compañeiras/os da AESIA. **Contámosche o máis destacado da reunión:**

A AESIA NÉGASE A NEGOCIAR UN AUMENTO DO ORZAMENTO DESTINADO A ACCIÓN SOCIAL

Como xa adiantamos na anterior nota informativa, unha das liñas vermellas para a aprobación do PAS por parte da CIG é o aumento do orzamento, ao que a AESIA opúxose frontalmente, sen aumentar un só centimo á súa proposta inicial de 5.635,15€. Desde a CIG **rexetamos calquera Plan de Acción Social que non recupere un orzamento mínimo do 1% da masa salarial**, quedando neste caso a proposta da Administración moi por debaixo desa cifra.

APRÓBASE A PROPOSTA DA CIG PARA QUE MÁIS TRABALLADORAS/ES POIDAN PERCIBIR O MÁXIMO

A proposta inicial da AESIA contemplaba un baremo con 11 tramos no que só as traballadoras/es con ingresos brutos anuais por baixo dos 22.000€ poderían percibir o 100% da axuda, facendo imposible que ningún traballador da AESIA puidese percibila. **A CIG propuxo que ese límite se elevase aos 40.000€ para que máis compañeiras/os puidesen chegar a percibir o límite máximo de 750€,** reducindo o número de tramos a 4 e diminuíndo a porcentaxe máxima que poden chegar a percibir os traballadores/as con salarios máis altos.

PODERÁN ACOLLERSE AO PLAN MÁIS FAMILIARES GRAZAS Á REVISIÓN DO BAREMO PARA A XUSTIFICACIÓN DA DEPENDENCIA

Na súa proposta inicial, a AESIA recollía que só poderían incluírse neste Plan de Acción Social aos familiares de primeiro grao que percibisen ingresos brutos anuais por debaixo do IPREM (que na actualidade, despois de anos sen revisarse, resulta en 8.400€ ao ano). **Aprobouse a proposta da CIG para que en lugar do IPREM se teña como límite o Salario Mínimo Interprofesional, abrindo a porta a inclusión de familiares con ingresos brutos por baixo dos 16.576€ anuais.**